

NOTA INFORMATIVA PARA OS SOLICITANTES DE PRAZA NO CICLO MEDIO DE OPERACIÓNS SUBACUÁTICAS E HIPERBÁRICAS PARA O CURSO 2023-2024

1.- O día **06 de xullo de 2023, ás 09.30**, vanse realizar as probas físicas en terra e en piscina no IGafa. As probas se desenvolverán en xornada de maná e tarde. O tempo de desenvolvemento das mesmas dependerá do número de persoas presentadas. Para o seu desenvolvemento deberán utilizar roupa deportiva para as probas en terra e traxe de baño para as de piscina. É necesario utilizar sandalias no recinto da piscina.

O día das probas físicas, antes do comenzo das mesmas, os solicitantes teñen que achegar un certificado médico ordinario en impreso oficial (en papel e orixinal), que os cualifique **“coa aptitude física necesaria para a realización das probas físicas tanto en terra como en piscina esixidas para o acceso ao ciclo de grao medio Operacións subacuáticas e hiperbáricas, segundo o anexo IV da Orde do 23 de abril 1999 da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura (DOG nº 90 do 12/05/1999)”**.

Para poder participar nas probas físicas e nas de cámara hiperbárica é necesario acreditar a identidade presentando o DNI, NIE, pasaporte ou licenza de conducir.

2.- O día **06 de xullo de 2023**, finalizadas as probas físicas, se publicará no taboleiro de anuncios do centro a relación de solicitantes que superaron as probas. Os candidatos que non as superen quedarán fora do proceso, aínda que non de outros procesos para as segundas, terceiras...opcións que seleccionaron na súa solicitude.

3.- Da relación de solicitantes que superaron as probas físicas, terán que realizar o recoñecemento médico específico, o recoñecemento psicolóxico e proba de cámara hiperbárica, aquelas persoas que se designen de acordo ao reparto que determina a normativa de admisión.

Se convocan 3 solicitantes de reserva, un por cada grupo de prioridade de acceso, en previsión de que algún dos candidatos non superen as probas específicas, **AÍNDA QUE SÓ 12 ALUMNOS PODERÁN FORMALIZAR A MATRÍCULA.**

Entregaranse os listados de facultativos habilitados pola Consellería do Mar para realizar os recoñecementos médico e psicolóxico específicos.

4.- O día **13 de xullo** ás **09:30 h** realizarán a proba de compresión e tolerancia ao osixeno hiperbárico aqueles candidatos que sexan aptos no recoñecemento médico e psicolóxico.

Para poder realizar esta proba os/as aspirantes terán que presentar no momento da mesma, os certificados médico específico e psicolóxico iniciais en impreso

oficial nos que se certifique que superou as probas médicas e psicolóxicas, respectivamente, de aptitude ao mergullo profesional segundo o establecido no anexo IX da orde da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos do 23 de abril de 1999 (DOG nº 90 do 12/05/1999).

Estes certificados hai que presentalos en papel e orixinal (non valen fotocopias nin en formato dixital)

Os candidatos de reserva quedan na lista de agarda, por si algún alumno non se matriculara, renunciara ou se dera de baixa ao principio do curso.

5.- O día **19 de xullo** se publicará no centro e na páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades <http://www.edu.xunta.es/fp> a **primeira relación ordinaria de persoas adxudicatarias de praza.**

6.- Do **19 xullo ás 9:00** ao **24 xullo ás 13:00 horas** deberán formalizar a matrícula os 12 alumnos con maior puntuación que superaron todas as probas e que figuran na primeira relación ordinaria de persoas adxudicatarias.

7.- Segundo instrucións da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, o alumnado que curse o Ciclo Medio de Operacións Subacuáticas e Hiperbáricas deberá.

1º. Para iniciar o curso, aportar o seguinte material.

- Traxe húmido de neopreno de 5 a 7 mm de espesor.
- Escarpíns, aletas regulables, lentes de mergullo, cinto de chumbos de zafado rápido con uns 10 kg, coitelo e luvas de mergullo.

Ao mes de iniciar o curso.

- Traxe seco.
- Rata, que é unha prenda específica de mergullo que se emprega por baixo do traxe seco, que pódese substituír por roupa deportiva.

Por outra banda, a Lei de Prevención de Riscos Laborais tamén esixe:

- Funda de traballo.
- Botas de seguridade con punteira de aceiro.

2º. Costear o desprazamento a Ferrol para realizar as prácticas do módulo de segundo curso Inmersión dende Campá Húmida, así como a residencia na Escola Náutico-Pesqueira de Ferrol durante unha ou dous semanas, segundo programación da actividade. O custo da residencia semanal con pensión completa é de aproximadamente 55 € por alumno, coas correspondentes reducións que fixe o Decreto de prezos públicos.